

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE AER SOBRE AS TELLEIRAS DE CESANTES

PLENO 6 SETEMBRO 2012. ACTA 13/2012

ANTECEDENTES.-

Moción do Grupo Municipal de A.E.R. presentada no Rexistro Xeral do Concello, con data 20 de xullo de 2012, que transcrita dí:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É coñecido por todos o importante patrimonio cultural e histórico que posúe o noso concello, aínda que, por desgraza, non dispoñemos dun inventario serio e catalogado para o control e vixilancia de dito patrimonio, o que conleva un posible deterioro ás veces irreparable.

Éste é o caso das telleiras de Cesantes.

No ano 2006, a asociación cultural “OBRADOIRO DE ESTUDOS LOCAIS FERNANDO MONROY”, planificando os posibles traballos a desenvolver, e logo de dar un paseo pola zona da Telleira e de visitar os restos agochados dun dos fornos, pois os outros estaban soterrados, decidiron facer unha limpeza da zona e buscar os distintos restos do complexo industrial que houbo no seu día neste emprazamento e comezar a documentalos e a recuperar a súa historia.

As telleiras desta parroquia teñen unha orixe moi antiga e, aínda que se descoñece a data exacta de comezo da actividade, pódese afirmar que no ano 1781 xa estaban a funcionar fornos nos que se cocían tellas e ladrillos en Cesantes. Este complexo industrial rematou a súa actividade no ano 1929.

Para acometer a súa limpeza foi preciso localizar aos propietarios das distintas leiras nas que se atopan, coa finalidade, despois de comentar o proxecto, de pedir o correspondente permiso para acometer o seu acondicionamento e poder comezar co estudo correspondente. Cabe destacar que en todo momento os propietarios desas leiras estiveron dispostos a ofrecer a súa colaboración para a recuperación e a documentación da actividade alí desenvolvida.

Actualmente, deste complexo industrial existen restos de dúas pías, un forno cadrado e tres fornos redondos, así como un embarcador que daba ao río Alvedosa e que foi soterrado polos propietarios despois da limpeza feita polo Obradoiro. Dito soterramento non podería suceder se houbera unha catalogación, tanto polo Concello coma pola Xunta.

Tamén están localizados os lugares onde existiron outros fornos e pías, e nos que na actualidade hai plantacións de viñedos ou edificacións recentes no seu emprazamento.

A existencia destas fábricas pódese comprobar, xa que aínda se conservan numerosos restos dos antigos fornos e pías empregados para a elaboración de ladrillos, tellas e tamén louza, dos que tamén se atopan numerosos restos ao longo de todo este espazo.

Unha vez rematada a limpeza e documentada a actividade alí desenvolvida, decidiuse falar co Concello para tratar de conservar ditos restos da arquitectura industrial, que foran tan relevantes para o concello e a súa contorna, facilitándolle os contactos cos propietarios e a súa predisposición para comezar conversas co Concello. Resaltar que esta zona, a día de hoxe, está totalmente afectada pola lei de Costas. Tamén cabe apuntar que o Obradoiro mantivo unha reunión na Subdelegación de Cultura de Pontevedra, na que presentaron un dossier fotográfico e documentación en relación a relevancia de ditos restos. A resposta foi que presentasen un escrito no Concello para que declarasen estes restos como bens a conservar e que se incluíse no PXOM que se estaba a desenvolver.

Ata o día de hoxe, que nós saibamos, non houbo actuación algunha ao respecto, as telleiras atopándose nestes momentos totalmente abandonadas e sen posible acceso pola vexetación existente, que ademais ao nacer sobre os restos dos fornos, están facendo que estes se veñan abaixo e os fagan desaparecer.

Desgraciadamente, o inventario de patrimonio etnográfico aínda é unha conta pendente da Xunta, comezouse hai uns anos e abandonouse, non existen bens protexidos de forma individualizada, si de xeito xenérico, porque a *Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, Lei 8/95 de 30 de outubro, Título IV artigos 65 e 66*, admite que existe este patrimonio, e que é un deber a súa conservación, pero de xeito xenérico como dicimos, porque á hora da verdade sen un inventario que o recolla estará todo sometido a interpretacións sobre o que hai ou non hai que conservar (é o mesmo que sucede coa Fábrica do Alemán, que non está protexida de ningunha maneira).

O catálogo de elementos para protexer que ten que contar no PXOM é o documento vinculante e indispensable para que estean protexidas. Na actualidade non temos un PXOM aprobado en Redondela, pero existen outras medidas a tomar para unha futura inclusión en dito plan. Xa hai precedentes como o da cidade de Vigo, que posuía un inventario de elementos a protexer antes da aprobación do seu PXOM e que posteriormente foi incluído.

A “ficha” de catalogación deberá incluír non só as telleiras (os fornos propiamente ditos), tamén todas as instalacións anexas: alboios, eiras (as explanadas para secado), “batedoras” (os círculos empedrados para bater o barro), e ademais as marxes de protección, que para os casos dos bens etnográficos son de 50 metros a partir da marxe exterior de protección integral do ben.

As telleiras estarían ademais protexidas como patrimonio industrial, recollido na *Lei 8/95 de 30 de outubro* no apartado para o patrimonio etnográfico, *artigo 65 e 66*, e especificado que recibirán o mesmo nivel de protección que o patrimonio arqueolóxico.

Ademais é necesario solicitar o deslinde a Costas para argallar un paseo marítimo ou sendeiro que achegue ata as telleiras. Isto ven reflectido na *Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas, capítulo III*.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello os seguintes acordos:

- A creación por parte do Concello dun inventario dos elementos para protexer no que contemple o complexo industrial, as telleiras (fornos propiamente ditos), alboios, eiras (as explanadas de secado), “batedoras” (círculos empedrados para bater o barro) e as marxes de protección, que nun futuro se incluírá no PXOM.
- Solicitar a Costas de Galiza o deslinde para argallar un paseo marítimo ou sendeiro que chegue ata as telleiras e a posterior inclusión de dito deslinde no PXOM cando este sexa aprobado.
- A limpeza e acondicionamento do complexo industrial así coma o mantemento de dito entorno para que non volva ocorrer o abandono no que se atopa na actualidade.

VOTACIÓN E ACORDO

O Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/das Sres./as concelleiros/as, sendo vinteún votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do B.N.G. e 1 de A.E.R.), aprobou, nos seus propios termos, a Moción nos antecedentes transcrita.-